

pasando o seu actual contido a constituí-lo punto 1, todo iso nos seguintes termos:

«2. As resolucións relativas ás sancións que as entidades das prestacións lles imponían ós traballadores e beneficiarios de prestacións, conforme o establecido no artigo 47 da Lei de infraccións e sancións da orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, serán susceptibles de recurso ante os órganos xurisdiccionais da orde social, logo de reclamación ante a entidade xestora competente na forma prevista no artigo 71 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril.»

Disposición adicional segunda. *Pensión de xubilación.*

1. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 161.3.d) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos termos seguintes:

«d) Que o cesamento no traballo, como consecuencia da extinción do contrato de traballo, non se producise por causa imputable á libre vontade do traballador. Para tales efectos, entenderase por libre vontade do traballador a inequívoca manifestación de vontade de quen, podendo continua-la súa relación laboral e non existindo razón obxectiva que a impida, decide poñerlle fin. Presumirase que o cesamento na relación laboral se produciu de forma involuntaria cando a extinción se producise por algunha das causas previstas no artigo 208.1.1 desta lei.»

2. Modifícase o cuarto parágrafo da norma segunda, punto 1, da disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos:

«Para tales efectos, entenderase por libre vontade do traballador a inequívoca manifestación de vontade de quen, podendo continua-la súa relación laboral e non existindo razón obxectiva que a impida, decide poñerlle fin. Presumirase que o cesamento na relación laboral se produciu de forma involuntaria cando a extinción se producise por algunha das causas previstas no artigo 208.1.1 desta lei.»

Disposición adicional terceira. *Contas da Seguridade Social.*

Modifícase o artigo 94 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, de maneira que o actual contido do devandito artigo pasa a constituí-lo seu punto número 1 e adiciónase un punto 2 coa seguinte redacción:

«2. Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para que poida dispo-la non liquidación ou, se é o caso, a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores á contía que se estime e fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación representen.»

Disposición adicional cuarta. *Contratación na Seguridade Social.*

Modifícase o artigo 95 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexis-

lativo 1/1994, do 20 de xuño, co obxecto de adiciónarlle a este unha nova alínea e) coa seguinte redacción:

«e) A situación de estar ó día no cumprimento de obrigas coa Seguridade Social requirida para contratar coas administracións públicas pola alínea f) do artigo 20 da Lei de contratos das administracións públicas será así mesmo esixible para o cobramento do prezo do contrato e durante a vixencia deste.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó establecido nesta lei e expresamente as seguintes:

a) O artigo 76 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) A disposición adicional décimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

c) Os artigos 2 e 3 do Real decreto lei 1/2000, do 14 de xaneiro, sobre determinadas medidas de mellora da protección familiar da Seguridade Social.

d) Os artigos 153 a 159, ambos inclusive, do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Disposicións de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para dicta-las disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, salvo o establecido nos seus artigos 3, 4, e 5, que entrarán en vigor o día primeiro do sexto mes seguinte ó da dita publicación.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**22717** LEI 53/2003, do 10 de decembro, sobre emprego público de discapacitados. («BOE» 296, do 11-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso das persoas con discapacidade ó emprego público nas distintas administracións públicas segue ofrecendo un panorama desalentador.

Aínda que existe un mandato legal explícito e moi claro na Lei da función pública a realidade é o lamentable incumprimento deste.

Segundo datos facilitados polo Goberno, como resposta a unha pregunta realizada polo Grupo Parlamentario Socialista, nos anos 2000 e 2001 considérase que o número de persoas con discapacidade que chegaron a aprobar nas distintas convocatorias para funcionarios da Administración xeral do Estado oscilaban arredor do 0,2 por 100. O Estado convocou un total de 94 prazas para persoas con discapacidade nesas exercicios, pero unicamente se cubriron 10 prazas por persoas cun 33 por cento ou máis de minusvalidez. Desde o Executivo indícase que o número de aspirantes discapacitados é moi reducido, a pesar de que no ano 2000 se presentaron 129 persoas cun 33 por cento ou máis de minusvalidez para 44 prazas ofertadas.

En suma, as persoas con discapacidade vense sometidas a importantes barreiras para acceder ó emprego público, obstáculos que non son xustificables pois a actividade dos servizos públicos é perfectamente compatible coa capacidade e formación das persoas con discapacidade.

Sábese, pola longa experiencia da aplicación da disposición adicional décimo novena da Lei 23/1988, do 28 de xullo («Nas ofertas de emprego público reservárase unha cota non inferior ó 3 por cento das vacantes para ser cuberta entre persoas con discapacidade de grao igual ou superior ó 33 por cento, de modo que progresivamente se alcance o dous por cento dos efectivos totais da Administración do Estado, sempre que superen as probas selectivas e que, no seu momento, acrediten o indicado grao de discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes, segundo se determine regulamentariamente»), que establecer simplemente unha cota de vacantes nas ofertas de emprego público e un obxectivo de chegar progresivamente ó dous por cento dos efectivos totais da Administración non é suficiente para que a dita meta se consiga.

A Directiva 2000/78/CE do Consello, do 27 de decembro do 2000, relativa ó establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación, obriga a que a nosa lexislación prohiba a discriminación no emprego por varios motivos, entre os que se inclúe a discapacidade, promova medidas positivas de igualdade de oportunidades e a adopción de axustes razoables que removan as barreiras ou obstáculos no acceso ó emprego e nas condicións de traballo en todo tipo de ocupación, incluída a integrada na Administración pública. Segue a facerse necesario garanti-la realización do obxectivo de alcanza-lo dous por cento dos seus efectivos elevándose a cota de prazas ofertadas pola constatación da insuficiencia da cota actual e o baixo número de prazas que se veñen convocando, tal como foi xa proposto en moitos países do noso contorno, así como nos distintos informes que ó respecto foron elaborados polo CERMI, o Real Padroado, o Defensor do Pobo e o propio dictame do Consello de Estado ó proxecto de Lei do estatuto básico da función pública que se tramitou na pasada lexislatura.

**Artigo único.** *Modificación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.*

Modifícase a disposición adicional décimo novena da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na redacción dada a esta pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, a cal terá o seguinte contido:

«Nas ofertas de emprego público reservárase unha cota non inferior ó cinco por cento das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ó 33 por cento, de modo que, progresivamente se alcance o dous por cento dos efectivos totais

da Administración do Estado, sempre que superen as probas selectivas e que, no seu momento, acrediten o indicado grao de minusvalidez e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes, segundo se determine regulamentariamente.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**22718** *CORRECCIÓN de erro da Lei 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra. («BOE» 296, do 11-12-2003.)*

Advertido erro na Lei 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, publicada no Boletín Oficial del Estado, suplemento número 10 en lingua galega, do 1 de agosto de 2003, procédese a efectua-la oportuna rectificación:

Na páxina 1822, segunda columna, artigo 65, punto 1, na fórmula, onde di:

$$d'' = \frac{V'' - F'' - E'' + I''}{V - F - E + 1}$$

Debe dicir:

$$d'' = \frac{V'' - F'' - E'' + I''}{V - F - E + I}$$

**22861** *LEI 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais. («BOE» 298, do 13-12-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O 11 de febreiro de 1996 entrou en vigor a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos